



CADERNOS  
DE COOPERACIÓN  
DO EIXO  
ATLÁNTICO

# ESTRATEGIAS TURÍSTICAS PARA A PROVINCIA DE OURENSE

AUDITORÍA DE PRODUCTOS:  
GASTRONOMÍA E VIÑOS



Programa INTERREG V A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020



**CADERNOS DE COOPERACIÓN  
DO EIXO ATLÁNTICO**

**ESTRATEGIAS TURÍSTICAS PARA A  
PROVINCIA DE OURENSE**

**AUDITORÍA DE PRODUTOS:  
GASTRONOMÍA E VIÑOS**

COLECCIÓN:  
Cadernos de Cooperación do Eixo Atlántico

EDITA:  
Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

DIRECTOR:  
Xoán Vázquez Mao

AUTOR:  
Ana Luísa Ladeiras (CEO, Around Europe Advisors, Lda.)  
M<sup>o</sup> Carmen Pardo López (IPVC, Instituto Politécnico de Viana do Castelo; Centro de Investigação  
Desenvolvimento e Inovação em Turismo (CITUR) - Coimbra)

MAQUETACIÓN:  
María Llauger

IMPRESIÓN:  
Tórculo Comunicación Gráfica S.A.

DEPÓSITO LEGAL:  
VG 241-2023

ISBN:  
Versión impresa: 978-989-9060-73-9  
Versión digital: 978-989-9060-74-6

Ano de edición: 2023

Este informe foi cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Operacional de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal ( POCTEP). As opinións son da exclusiva responsabilidade dos autores que as emiten.

# Índice

<b>1 . INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>9</b>
<b>2 . METODOLOXÍA</b> .....	<b>13</b>
<b>2.1. FONTES PRIMARIAS</b> .....	<b>14</b>
<b>2.2. FONTES SECUNDARIAS</b> .....	<b>14</b>
<b>2.3. FERRAMENTAS METODOLÓXICAS</b> .....	<b>15</b>
<b>3 . CARACTERIZACIÓN DOS PRODUTOS TURÍSTICOS</b> .....	<b>21</b>
<b>3.1. ENOTURISMO</b> .....	<b>25</b>
3.1.1. Perfil do enoturista .....	<b>26</b>
3.1.2. As rutas do viño en Ourense.....	<b>28</b>
<b>3.2. TURISMO GASTRONÓMICO</b> .....	<b>35</b>
3.2.1. Perfil do turista gastronómico .....	<b>35</b>
3.2.2. Turismo gastronómico na provincia de Ourense.....	<b>38</b>
<b>3.3. TENDENCIAS PARA O TURISMO ENOGASTRONÓMICO</b> .....	<b>49</b>
3.3.1. Xeracións Enogastronómicas .....	<b>50</b>
3.3.2. Evolución das experiencias .....	<b>50</b>
3.3.3. <i>Food truck</i> ou <i>Street food</i> .....	<b>51</b>
3.3.4. Innovación e dixitalización .....	<b>51</b>
3.3.5. Sustentabilidade .....	<b>52</b>
3.3.6. Por en valor o local e aos locais .....	<b>52</b>
3.3.7. Rutas e eventos.....	<b>53</b>
<b>3.4. PRINCIPAIS MERCADOS EMISORES</b> .....	<b>53</b>
<b>3.5. BENCHMARKING</b> .....	<b>55</b>
3.5.1. Toscana (Italia) .....	<b>55</b>
3.5.2. Adelaida (Australia).....	<b>57</b>
3.5.3. Bogotá (Colombia) .....	<b>59</b>
3.5.4. Bairrada (Portugal).....	<b>60</b>
3.5.5. Bolivia .....	<b>62</b>
3.5.6. Tokaj (Hungria).....	<b>63</b>
3.5.7. Zagreb (Croatia) .....	<b>64</b>
3.5.8. Proxecto Gaturi (España & Francia).....	<b>64</b>
3.5.9. Rioxa (España) .....	<b>66</b>
3.5.10. Murcia (España) .....	<b>66</b>
3.5.11. Síntese do <i>benchmarking</i> .....	<b>67</b>

<b>4 . AUDITORÍA DE PRODUCTO .....</b>	<b>73</b>
<b>4.1. ENOTURISMO .....</b>	<b>77</b>
4.1.1. Grao de Desenvolvemento .....	78
4.1.2. Notoriedade e Posicionamento.....	80
4.1.3. Impacto Territorial.....	84
4.1.4. Lagoas de promoción e comercialización .....	85
<b>4.2. TURISMO GASTRONÓMICO .....</b>	<b>88</b>
4.2.1. Grao de Desenvolvemento .....	88
4.2.2. Notoriedade e Posicionamento.....	90
4.2.3. Impacto Territorial.....	93
4.2.4. Lagoas de promoción e comercialización .....	94
<b>4.3. CONCLUSIÓNS DA AUDITORÍA .....</b>	<b>96</b>
<b>5 . RECOMENDACIÓNS .....</b>	<b>103</b>
<b>6 . REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS E ELECTRÓNICAS .....</b>	<b>109</b>
<b>7. ANEXOS</b>	
<b>ANEXO I - ESTABLECEMENTOS DE RESTAURACIÓN DA PROVINCIA DE OURENSE (POR CATEGORÍA) .....</b>	<b>117</b>
<b>ANEXO II - ALOXAMENTOS TURÍSTICOS DA PROVINCIA DE OURENSE (POR CATEGORÍA) .....</b>	<b>118</b>
<b>ANEXO III - RUTAS DE INTERESE PARA COMPLEMENTAR O ENOTURISMO E TURISMO GASTRONÓMICO DA PROVINCIA DE OURENSE .....</b>	<b>118</b>
<b>ANEXO IV - FESTAS DE ENO-GASTRONÓMICAS DE OURENSE .....</b>	<b>119</b>
<b>ANEXO V - EVENTOS E ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN RELEVANTES PARA LA CREACIÓN/ CONSOLIDACIÓN DEL DESTINO ENOTURÍSTICO.....</b>	<b>120</b>
<b>ANEXO VI - MERCADOS DE GASTRONOMIA DE OURENSE .....</b>	<b>121</b>
<b>ANEXO VII - INDICADORES SOCIODEMOGRÁFICOS DA PROVINCIA POR COMARCA .....</b>	<b>123</b>
<b>ANEXO VIII - O SECTOR AGROALIMENTARIO OURENSÁN .....</b>	<b>124</b>
<b>8. ABREVIATURAS E ANGLICISMOS</b>	
<b>8.1. ABREVIATURAS .....</b>	<b>127</b>
<b>8.2. ANGLICISMOS .....</b>	<b>129</b>
<b>ÍNDICE DE FIGURAS .....</b>	<b>131</b>

# INTRODUCCIÓN







# 1

## INTRODUCCIÓN

Baixo a tutela e encargo do Eixo Atlántico, redáctase este informe que pretende desenvolver, de xeito exploratorio, unha auditoría de dous dos produtos turísticos da provincia de Ourense: a gastronomía e o enoturismo.

En concreto, promóvese unha análise global do seu grao de desenvolvemento e da súa incidencia territorial no ámbito provincial con vista a determinar as necesidades de intervención para a creación/consolidación da provincia de Ourense en tanto que destino enogastronómico. De feito, a perspectiva de escala é unha premisa básica do desenvolvemento do traballo posto que se pretende avaliar (aínda que de xeito exploratorio) a expresión provincial do produto enogastronomía así como o seu potencial turístico.

Tal e como sinala o Plan Director de Galicia 2021-2023, a enogastronomía debe ser a “excusa para facer máis rendible a oferta turística galega, con base na súa perfecta maridaxe con outros atributos como a cultura ou a paisaxe” polo que se buscará identificar como potenciar a súa complementariedade cos produtos estrela/consolidados da carteira turística provincial, poñendo en valor as experiencias turísticas que se ofrecen no seu ámbito.

Queda demostrado o enorme potencial de ambos produtos e xustifícase plenamente unha intervención estruturada que xa se tiña iniciado, de mans da Deputación de Ourense co lanzamento dun plan de acción específico para o efecto: “EnOUturismo, Plan de Sustentabilidade Enogastronómica da Provincia de Ourense”. Esperase, do mesmo xeito, contribuír para unha máis fácil e eficiencia aplicación dese plan cos resultados de auditoría que se presentan neste informe.

O mesmo, realizado no marco do proxecto HI-EXPERIENCE, cofinanciado polo Interreg V A España-Portugal (POCTEP), estrutúrase en 5 capítulos: Introducción; Metodoloxía (onde os procesos e ferramentas de recollida e análise de datos empregadas neste informe); Caracterización da gastronomía e do enoturismo como produtos turísticos; Auditoría de Produtos (que se corresponde cunha análise máis ou menos exhaustiva do estado de desenvolvemento do viño e da gastronomía como produtos turísticos).

O informe conclúe coa presentación de recomendacións, na súa maioría, baseadas nas solucións exitosas ensaiadas con obxectivos similares/en territorios similares, tendo sempre como obxectivo transversal a adhesión/ participación do ecosistema turístico da provincia de Ourense e a mellor resposta aos retos que se presentan a un destino emerxente no que respeita ao mercado turístico de gastronomía e viños.

METODOLOGÍA





# 2

## METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada para o desenvolvemento deste traballo céntrase en dous tipos de datos: datos primarios (recollidos polo equipo redactor do informe mediante a aplicación de diferentes técnicas e ferramentas) e datos secundarios (resultados de traballos de investigación e revisión bibliográfica de diferentes fontes).

É importante sinalar que os datos primarios utilizados na elaboración deste informe non foron recollidos exclusivamente durante o período de elaboración, destacando os datos primarios recollidos polos autores no contexto doutros traballos anteriores, que traballaron o turismo enogastronómico ou recursos afíns na provincia de Ourense ou no territorio dalgunha das súas DOs.

Aplicáronse as ferramentas empregadas para tal fin (ver figura 1) co fin de garantir que se obtiveran datos e información de calidade en cantidade suficiente para responder ao obxecto deste traballo.




Figura 1. Fontes de información empregadas para a elaboración do documento.  
Fonte: Elaboración propia.



## **2.1. FONTES PRIMARIAS**

Seleccionáronse as fontes primarias empregadas tendo en conta os recursos predefinidos para a realización deste traballo, potenciando na medida do posible o uso dos datos primarios resultantes de traballos previos relacionados coa materia obxecto de estudo e o uso de ferramentas telemáticas/virtuais.

Así, realizáronse diferentes visitas de estudo entre decembro de 2020 e xullo de 2022, que permitiron coñecer as distintas realidades asociadas a cada unha das DO (ámbitos amparados pola certificación de “denominación de orixe”) e a participación en eventos de promoción de enoturismo.

Para este traballo asumiu protagonismo a interacción cos axentes do territorio, realizándose diferentes entrevistas persoais e grupais. De traballos anteriores púidose recuperar o pensamento estratéxico dos responsables municipais, validándose nas interaccións realizadas no ámbito deste traballo, a aceptación/rexeitamento por parte do sector privado, das políticas e estratexias municipais en presenza.

Aténdase a que só se consideran fontes primarias a efectos do presente informe aqueles datos recopilados no marco de traballos anteriores que tivesen sido utilizados sen ser sometidos a calquera análise previa. Isto, pola natureza do informe que se redacta, en que non faría sentido un traballo participativo con xeración de datos primarios no sentido tradicional. E, no caso de recorrerse á análise de datos anteriormente realizadas, estes considéranse, a efectos metodolóxicos como datos secundarios.



## **2.2. FONTES SECUNDARIAS**

As fontes secundarias teñen, en termos metodolóxicos, no marco deste informe, un papel central xa que o ámbito temporal da súa realización e os recursos que lle foron atribuídos limitan a realización dunha auditoría de produto baseada no coñecemento directo e extensivo de todos os axentes que actualmente conforman o ecosistema turístico da provincia de Ourense con potencial para integrar o produto turístico “Gastronomía e Viños” así como unha análise detallada dos potenciais mercados emisores.

Neste contexto, son as fontes secundarias as que permitirán establecer unha primeira aproximación ao nivel de desenvolvemento actual deste produto turístico. Neste contexto, son as fontes secundarias as que permitirán establecer unha primeira aproximación ao nivel de desenvolvemento actual deste produto turístico. Recorreuse, por tanto, como principal fonte de información a diferentes estudos históricos e estatísticos, estatísticas turísticas, plans estratéxicos de desenvolvemento turístico así como a análise de *benchmarks* e de todos os datos e información posta a disposición pola Deputación de Ourense (a través do INORDE).



## 2.3. FERRAMENTAS METODOLÓXICAS

No que respecta ás ferramentas metodolóxicas aplicadas na produción da auditoría de produto debemos destacar, como xa indicado, a observación, o traballo de campo e o *desk research* sendo especialmente relevante a aplicación da interpretación de datos por aplicación de modelos analíticos como o modelo do “ciclo evolutivo de áreas turísticas” de Richard Buttler (Buttler, 1980) e o modelo metodolóxico de elaboración de plans estratéxicos de turismo gastronómico da Organización Mundial de Turismo (OMT, 2019), debidamente adaptados aos datos dispoñibles/recompilados.

O modelo de Buttler é unha ferramenta que permite coñecer a evolución do destino (ciclo de vida do destino) no que respecta á súa competitividade, a través da evolución do número de turistas que o visitan, identificar as accións máis adecuadas no ámbito da planificación, a estratexia e a propia xestión. Establece como fases evolutivas, a seguintes:

- Exploración: fase na que a oferta se diseña para os turistas non existen e a maior parte dos visitantes ao destino son casuais ou o están explorando.
- Implicación: fase na que a comunidade local está cada vez máis involucrada en prestar os servizos de apoio ao turista (o número de turistas presenta un crecemento continuo pero lento).
- Desenvolvemento: fase na que a administración e o sector privado invisten de forma intensiva en accións de captación dun gran número de turistas (xa sexa a través de investimentos en equipamentos ou en comunicación e marketing) (a taxa de crecemento do número de turistas é, nesta fase, exponencial).
- Consolidación: fase que se caracteriza por un desgaste da oferta e equipamentos turísticos (e por unha ralentización do crecemento do seu número de turistas).
- Estancamento: fase na que non se verifica unha evolución da actividade turística porque diminúe o seu atractivo (o número de turistas se estanca). Nesta fase poden

sucedan diferentes evolucións: ou o sistema turístico consegue o seu rexuenece-  
mento (a través, por exemplo, da innovación do seu portafolio de produtos) ou, no  
peor dos casos, chega ao seu declive (terminando na perda total de turistas), com  
todos os escenarios posibles entre un e outro (ver Figura 2): crecemento reducido,  
estabilización, etc).




Figura 2. Ciclo evolutivo de áreas turísticas.  
Fonte: Adaptado de Buttlar (1980).

Esta ferramenta é aplicable tamén aos produtos turísticos porque estes teñen tamén un ciclo de vida (un exercicio que se aplica na fase de auditoría deste traballo). A estes efectos e no marco de este informe séguese a teoría tradicional de Levitt (1965), que describe 4 fases definidas pola relación entre as variables “ventas/cota de mercado” e “tempo”, presupóndose que todo produto podería ter unha vida finita:

- **Introdución:** que corresponde à creación do produto e à súa posta a disposición de posibles consumidores interesados. O obxectivo do seu creador é expandir o mercado.
- **Crecemento:** que corresponde á definición final do posicionamento de ese novo produto no mercado, pasando a dirixirse a un grupo concreto de consumidores ou à satisfacción dunha necesidade cada vez mais específica. O obxectivo é penetrar no mercado e gañar cota de vendas.
- **Madurez:** que corresponde ao alcance do máximo número de consumidores posible e/ou ao máximo de vendas posible ben sexa pola dimensión do mercado, pola competencia á que se enfronta ou polas características específicas do produto e/o seu proceso produtivo. O obxectivo é a defensa da cota de mercado.
- **Declive:** que corresponde á “morte do produto, ou sexa, á la perda de rendibilidade polo desinterese do mercado no produto.




Figura 3. Ciclo de vida do produto.  
Fonte: Adaptado de Levitt (1965).



Figura 4. Modelo metodolóxico de elaboración de plans estratéxicos de turismo gastronómico.  
Fonte: Adaptado de OMT (2019).

Atendendo ás limitacións (tempo e recursos) antes mencionadas, privilexiouse o *benchmarking* como ferramenta de apoio á determinación do grao de desenvolvemento do produto gastronomía e viños na provincia de Ourense.



Figura 5. Proceso de benchmarking.  
Fonte: Elaboración propia.

Unha nota final, a título de *disclaimer*, para deixar claro que o presente documento non pretende ser (nin o ten por obxectivo) un estudo científico ou investigación académica, a pesar da utilización das ferramentas e metodoloxía anteriormente mencionadas, unha vez que a recolla de datos primarios realizada non é estatisticamente relevante e o mesmo non foi suxeito á revisión por pares.

# CARACTERIZACIÓN DOS PRODUTOS TURÍSTICOS





# 3

## CARACTERIZACIÓN DOS PRODUTOS TURÍSTICOS

De acordo con a Xunta de Galicia (2019), esta Comunidade Autónoma é recoñecida como un dos destinos enogastronómicos, mais populares a nivel nacional e mundial. Posúe unha estratexia turística materializada na explotación sostible da súa enogastronomía tradicional e de calidade. A nivel rexional, conta con suficientes produtos, eventos e expresións gastronómicas para sacarlle a máxima rendibilidade a este sector.

O “Plan estratéxico de turismo enogastronómico de Galicia” (xa na segunda xeración) ten como obxectivo fundamental a definición de estratexias e accións impulsoras dos produtos gastronómicos e o enoturismo en Galicia baseados na tradición culinaria de Galicia e os seus produtos autóctonos promovendo, por tanto, o desenvolvemento de produtos turísticos de calidade baseados na identidade do territorio e vinculados à súa tradición culinaria (Turismo de Galicia, 2018).

Por tanto, un seguimento adecuado das recomendacións da Comisión Europea ás rexións do vello continente: a aposta pola especialización intelixente nos sectores de actividade social ou económica en que esta sexa posible, sempre que os territorios teñan recursos que o permitan, como é o caso da comunidade galega, tanto no turismo como na agricultura e a gandería.




Figura 6. Mapa das DOs e IGP de Viños de Galicia.  
Fonte: Museo do Viño de Galicia: "Las Denominaciones de Origen".

Galicia conta coa maior variedade de froitos do mar a nivel mundial, sendo tamén o primeiro consumidor e produtor de pescado en España, ademais de celebrar cerca de trescentas festas gastronómicas, posúe cinco Denominacións de Orixe (DO) nos seus viños, trinta e cinco Indicacións Xeográficas Protexidas (IGP)<sup>1</sup>, e constando dez restaurantes con estrela *Michelin*, vinte *Big Gourmand*, aproximadamente corenta Soles Repsol e ofrecer tratamentos de SPA derivados da uva e o viño en diferentes establecementos. Grazas a todo isto a gastronomía galega é escollida polos turistas como segunda opción para visitar Galicia, como se pode ver na figura seguinte.

<sup>1</sup> Fonte: <https://www.mapa.gob.es/es/alimentacion/temas/calidad-diferenciada/dop-igp/>

## ENQUISA DO TURISMO EN DESTINO DE GALICIA (ETDG)

### Perfil do turista. Ano 2019

ANO 2019: Datos provisionais

#### Actividades realizadas durante a viaxe

	Peso (% turistas)				
	2015	2016	2017	2018	2019
Visita a lugares de interés turístico	72,1%	72,2%	70,8%	72,0%	75,2%
Uso e goce da praia / litoral	30,4%	28,8%	40,3%	43,4%	39,5%
Visita a museos e monumentos	32,6%	33,5%	37,2%	46,3%	46,4%
Visita a parques naturais	15,2%	13,4%	15,4%	14,6%	18,9%
Visita a oficinas de turismo	6,9%	7,3%	7,6%	7,3%	5,1%
Asistencia a congresos / reunións	1,8%	2,2%	2,3%	2,0%	2,6%
Asistencia a espectáculos deportivos	1,4%	1,7%	1,1%	1,9%	1,6%
Asistencia a espectáculos culturais	8,0%	6,4%	7,2%	7,1%	6,1%
Deportivas: Montañismo / sendeirismo	8,4%	10,0%	8,9%	9,9%	9,1%
Deportivas: Outras actividades (rafting, puenting, golf, caza, pesca,...)	2,0%	2,9%	2,3%	3,3%	2,6%
Turismo Gastronómico	42,3%	40,8%	40,3%	51,9%	49,9%
Ir de compras	16,3%	18,2%	21,8%	25,7%	18,3%
Ocio nocturno	16,0%	18,6%	17,5%	22,0%	15,7%
Excursións / visitas guiadas	7,5%	7,7%	12,6%	15,1%	10,1%
Termas / spa / circuito termal	13,4%	14,3%	14,5%	16,4%	15,3%
Outras actividades	7,4%	8,5%	9,1%	8,9%	6,2%

Figura 7. Actividades realizadas durante a viaxe.  
Fonte: Axencia Turismo de Galicia (2019).

Ourense é a provincia galega que alberga o maior número de DOs, polo que o seu protagonismo neste eido debería ser indiscutible, e esta debería ser, sen dúbida, unha das súas principais propostas de venda (PPV) a nivel turístico, pero tamén, de marketing territorial. De feito debería ser evidente un equilibrio entre a proposta de Venda da provincia a través do enoturismo e a proposta de venda que se promove a través do termalismo, o cal vén consolidando o seu posicionamento como valor turístico diferencial.



Figura 8. Viñas en Arnoia.  
Fonte: Elaboración propia.

O importante número de DOs é resultado dos eco-climas moi distintos da provincia e son tamén favorables á produción de produtos gastronómicos como a castaña, a pataca (con altas cifras de exportación, moi apreciada pola súa calidade), os cogomelos (de gran importancia, sobre todo polo seu estado silvestre), e a apicultura (actividade en crecemento).

Coa meta de afirmar a provincia de Ourense como un destino enogastronómico realízase, todos os anos a feira, “Xantar - Salón Internacional de Turismo Gastronómico” que xa cumpriu 22 edicións. En paralelo, se ten promocionado máis recentemente, baixo o paraugas da nova marca turística provincial, baixo o slogan “Ourense, destino enOUgastrómico” que presentou os mellores produtos agrícolas e gandeiros, acompañados polos viños de produción local, involucrando a máis de 30 empresas nun proxecto de dixitalización do sector agro-industrial onde o sector do viño non queda fora.



## 3.1. ENOTURISMO

O enoturismo, é un subtipo de turismo gastronómico, que se refire ao turismo realizado co obxectivo de visitar viñedos, adegas, degustar, consumir e/ou comprar viño, a miúdo na súa orixe ou cerca dela.

O turismo do viño ou “enoturismo”, definido pola Carta Europea de Enoturismo (RECEVIN - Rede Europea de Cidades do Viño-), 2006:2) como “o desenvolvemento das actividades turísticas, de lecer e tempo libre, dedicadas ao descubrimento e desfrute cultural e enolóxico da viña, o viño e o seu territorio”.

O enoturismo é un medio que permite o desenvolvemento de zonas rurais a partir dun tipo de negocio centrado na produción e elaboración do viño, complementando ditas actividades con outras de natureza gastronómica, cultural, artística e de lecer. Permite xerar postos de traballo nestas zonas, que polo seu carácter xeográfico e a súa actividade centrada no sector primario, teñen mais dificultades para o facer, e de este modo, evitar a despoboamento da zona, ao mesmo tempo que xera desenvolvemento económico-social (Simões, 2008:273-274).

Na última década, o enoturismo converteuse nun componente chave do turismo gastronómico e pilar das estratexias de diversificación de moitos destinos. Segundo o ex-Secretario Xeral da OMT, Taleb Rifai, o enoturismo está intimamente relacionado coa identidade dos destinos e comprende valores culturais, económicos e históricos. Ademais, constitúe un importante motor nas estratexias de diversificación que axudan aos destinos a enriquecer a oferta turística e a atraer a diferentes públicos (OMT, 2012).

A pandemia de COVID19 deulle unha nova dimensión, de acordo co Monitor de Reputación En liña do Enoturismo 2021, un estudo que evalúa o impacto da pandemia na experiencia e satisfacción do enoturista que visita as adegas (Vivential Value, 2021) durante esta crise sanitaria, xa que:

- O índice de Reputación En liña (iRON) ascende a 9,1 puntos (nunha escala máxima de 10) reafirmando a súa contribución á consolidación da experiencia turística en destinos rurais.
- Consólidase o costume de puntuar en internet as visitas a adegas e resto de recursos enoturísticos, creando unha crecente necesidade de apostar polo márketing dixital (mellorar a visibilidade virtual) e o seguimento continuado dos produtos e destino enoturísticos en redes sociais e apps especializadas.
- O enoturismo é unha experiencia que se percibe como segura e de confianza (rexístrase unha porcentaxe residual de opinións relacionadas co COVID).

A pesar de todo isto, verificase un distanciamento dos axentes do sector e o mundo virtual (segundo a mesma fonte o 20% das adegas españolas non reclamaran o seu propio perfil nalgunha das plataformas dixitais analizadas), reducindo significativamente a calidade e fiabilidade da información posta a disposición polas mesmas.

### ► 3.1.1. PERFIL DO ENOTURISTA

A competitividade de un destino turístico constrúese a partir da planificación e xestión estratéxica das vantaxes comparativas e competitivas e baséase na creación de produtos diferenciados de alta calidade que xeran experiencias e valor engadido para o turista.

O enoturismo está en expansión, pero non vai acompañado do necesario esforzo de investigación, sobre todo no que respecta ás características dos enoturistas. Parece fundamental, por tanto, determinar as características dos actuais turistas do viño, incluídos os datos demográficos e o seu comportamento de compra, para comprender mellor o que constitúe o turismo do viño e así poder desenvolver produto.

Segundo Pratt (2014) pódese clasificar a diferente tipoloxía de enoturista en 4 perfís distintos: "amantes do viño", "interesados no viño", "turistas curiosos" e "turista desinteresados no viño", como se pode observar na seguinte figura.

 <b>Amantes do viño</b>	<p>Turistas con un nivel medio-alto de coñecementos medio-altos sobre viños. Discuten cuestións específicas co enólogo ou o produtor. As visitas ás adegas teñen como obxectivo degustar, comprar e aprender mais sobre o mundo dos viños. A principal motivación do viaxe é o viño e a gastronomía.</p>
 <b>Interesados no viño</b>	<p>Turistas que aprecian o viño e a gastronomía e están interesados en ter mais coñecementos sobre os viños. O enoturismo non é a súa principal motivación para viaxar. Soe viaxar con amigos a rexións vinícolas.</p>
 <b>Turistas curiosos</b>	<p>Turistas con un interese baixo ou medio polo mundo do viño. A principal motivación da viaxe non é visitar unha rexión vinícola pero esta actividade se presenta como un atractivo complementario. Os coñecementos sobre viños son básicos e non lles interesa aprender mais.</p>
 <b>Turistas desinteresados</b>	<p>Os turistas que non teñen ningunha motivación relacionada co viño e as visitas que realizan están baixo a influencia do grupo ao que pertencen. Non lle interesa aprender mais sobre o viño, só consumilo.</p>

Figura 9. Perfil do enoturista.  
Fonte: Pratt (2014).

Esta segmentación permite ás unidades de enoturismo definir obxectivos e orientar a súa oferta segundo o perfil do consumidor, neste caso o enoturista, e así satisfacer as necesidades e, se posible, superar a súas expectativas.

Segundo a *Asociación Española de Ciudades del Vino (2022)* o enoturista presenta un gasto medio por persoa de 173,12€/día (superior à do turista estranxeiro no seu xeral (147,00€/día), segundo último informe do INE-EGATUR e que multiplica o do turista nacional (43,00€/día), segundo datos de FAMILITUR). Tendo en conta que os días de media en canto à estancia en destino (2,45 días), a cifra de gasto medio total en estancia alcanza os 424,14€.

No inicio de 2022, os aloxamentos rurais son a preferencia do enoturista à hora de escoller onde hospedarse, algo que só tiña sucedido durante a análise do 2019. Como segunda opción alóxanse en casas de amigos ou familiares e en terceiro quedan os hoteis de catro estrelas, tal vez debido ás modificacións de comportamento do turista pola pandemia de COVID19 (ao priorizar establecementos con aforos mais reducidos).

O enoturista viaxa en parella ou co o seu grupo de amigos (segunda opción). Os grupos organizados teñen un tamaño medio de 3,35 persoas. Dentro da análise da composición do grupo destaca o aumento das persoas que viaxan soas e das familias con nenos, o que de acordo con esta asociación, en el informe de "Análisis da demanda turística – Rutas do Viño de España, año 2020-2021" (ACEVIN, 2022) parece indicar que o enoturismo se contempla cada vez mais como alternativa de vacacións familiares.

Debido ás características do produto "Rutas del Vino de España", un modelo de turismo onde priman as contornas rurais e menos masificadas, e as experiencias son adaptadas a diferentes ámbitos e idades, está a ser demandado principalmente con motivación de lecer e vacacións sendo o enoturismo a segunda mais importante con un papel moi relevante por parte da gastronomía como produto complementario.



Figura 10. Perfil do visitante das Rutas do Viño.  
Fonte: ACEVIN, 2022.

Nótese que este perfil se aplica ás Rutas do Viño da provincia de Ourense por extrapolación, xa que non hai representación desta provincia nesta asociación.

### ► 3.1.2. AS RUTAS DO VIÑO EN OURENSE

Como xa indicado, a provincia de Ourense conta con catro denominacións de orixe: O Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei, todas situadas en zonas de alta riqueza patrimonial e con posibilidade de visita mediante ruta de sendeirismo. A cada unha desas DOs está asociada una “Ruta do Viño”, ou sexa un produto que engloba actividades relacionadas co mundo do viño que permiten:

- Impulsar o turismo na zona en que se implanta.
- Revalorizar a imaxe do rural.
- Potenciar o coñecemento do patrimonio arquitectónico.
- Conservar a tradición cultural e gastronómica.

Segundo os autores Macdonald & Denault (2001:13) “os turistas do viño, buscan experiencias únicas e auténticas a través do consumo dos produtos locais das zonas vitivinícolas”. O viño serve como desculpa para crear un produto que englobe a conexión perfecta entre patrimonio, gastronomía, cultura e tradición; e unha Ruta do Viño segmentase como un tipo especial de turismo, ao que se denomina como enoturismo e identifícase un cliente especializado no mundo vitivinícola, desta forma “o turismo asociado ao viño é un servizo que lle da un valor agregado ao viño” (Zamora & Barril, 2007:175).

Na figura seguinte, resúmense os recursos enoturísticos actualmente integrados nas rutas do viño da provincia que nos permite concluír existir unha gran marxe de desenvolvemento do produto enoturismo e do produto rutas neste territorio polo que interesa analizarlas individualmente co obxectivo de identificar necesidades de actuación e oportunidades de mellora.





RECURSOS ENOTURISMO	 ruta do viño do ribeiro	 ruta do viño Monterrei	 Riveira Sacra	 ruta do viño VALDEORRAS
Bodegas con servizos de enoturismo	17	14	13	13
Aloxamento turístico	9	6	4	4
Restaurantes	7	5	4	4
Ocio	4	5		
Centros de información turística		5		6
Comercio	1	3		

Figura 11. Recursos das Rutas do Viño de Ourense.  
Fonte: Adaptado das páxinas web oficiais das rutas.

### ► 3.1.2.1. Ruta do viño O Ribeiro

O Ribeiro, é unha das zonas vinícolas mais antigas de España, datada de 8 de Setembro de 1932 (Fraiz Brea & Mazaira Castro, 1999:423), é o viño máis histórico de Galicia, consumido nas principais mesas das monarquías europeas entre os séculos IV e XVII. No século IX era o máis popular e exportado dos viños españois no exterior. Basta dicir que é o viño español máis citado na literatura tanto en castelán como en galego desde o século XI ata principios do século XX (Fraiz Brea & Mazaira Castro, 1999:423).

Despois dunha longa travesía polo deserto, nos últimos tempos os viños do Ribeiro colocáronse como os máis puntuados nas catas profesionais rexionais, nacionais e internacionais (a D.O. Ribeiro alzáse cun Gran Ouro, oito Ouros e unha Prata no XX Concurso Internacional de Viños Bacchus 2022; 27 galardóns no 'Decanter World Wine Awards' 2021).

Actualmente, están rexistrados preto de 5.500 viticultores que, xunto con 115 adegas e colleiteiros, representan a estrutura produtiva da denominación. Con 2.500 hectáreas de viñado e unha produción media de 14 millóns de quilos de uva, O Ribeiro é unha DO caracterizada pola súa parcelación e diversificación.



Figura 12. Mapa da DO O Ribeiro.  
Fonte: Asociación Ruta do Viño Ribeiro.

A Asociación Ruta do Viño Ribeiro foi creada no ano 2007 como unha entidade destinada á promoción do territorio ribeirán e os seus recursos cunha finalidade turística. Conta cunha activa participación pública representada por 9 concellos así como o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro que ostenta a presidencia. Conta tamén cun importante grupo de asociados que lle debe permite desenvolver esta ruta.

O enoturismo asociado a esta ruta sufriu un importante descenso debido á pandemia do que importa recuperar canto antes tendo sempre en atención que a maioría de pernoctacións neste territorio proceden do mercado nacional.

Como parte dos esforzos para resolver esta situación, propúxose recentemente promover a creación dun único e innovador produto enoturístico – o “Camiño do Viño” – sendo un camiño iniciático que pretende chegar a dous grandes públicos obxectivo: por unha banda, a aqueles individuos que pretenden iniciarse no enoturismo e enoturistas experimentados pretenden mellorar o seu coñecemento sobre a evolución da cultura do viño.

Isto, a través da construción dunha narrativa sobre o patrimonio vinícola do Ribeiro nun marco temporal dual: por unha banda considerando a evolución histórica do viño e por outro as etapas do proceso produtivo durante o ano. Esta iniciativa busca establecer un valor engadido e diferencial ao Roteiro do Viño do Ribeiro con respecto aos destinos enoturísticos distribuídos no territorio español e eventualmente, no ámbito internacional.

### ► 3.1.2.2. Ruta do viño de Ribeira Sacra

A *Ruta del Vino* da Ribeira Sacra esténdese por 20 municipios de Ourense e Lugo . A súa orografía está deseñada polos ríos Miño e Sil que unen as numerosas igrexas e mosteiros e diferentes canóns engadindo singularidade à paisaxe de esta DO. Ademais posúe un numero importante de adegas visitables, de hoteis, casas de turismo rural, restaurantes, actividades de lecer, museos e centros de interpretación, enotecas e tendas especializadas.

Son precisamente as condicións do terreo (orografía) complican especialmente os traballos coas cepas e fan que viticultores e adegueiros desafiar a vertixe desde os bancais, convertendo á Ribeira Sacra nun dos maiores expoñentes do que se coñece como “viticultura heroica” (referencia á viticultura baixo condicións complexas).

A partir do viño, esta Ruta pretende presentar un conxunto doutros atractivos turísticos como as aldeas típicas, adegas (tradicionais e de última tecnoloxía), experiencias de catas de viños tradicionais e experimentais, noites en aloxamentos de calidade, experiencias gastronómicas en restaurantes e un contacto directo e privilexiado coa natureza. Conta con varias feiras enoturísticas sendo unha das máis populares e concorridas a Feira do Viño de Amandi (festa de interese turístico de Galicia)<sup>2</sup>.

A DO Ribeira Sacra constituíuse no ano 1996 co obxectivo de protexer a orixe, garantir a calidade e promocionar os seus viños.

<sup>2</sup> Outras feiras e eventos enoturísticos deste territorio son: Feira do Viño de Chantada, Feira do Viño de Pantón, Cata do Viño de Vilachá de Salvador, Festa do Viño da Peroxa, a Feira do Viño de Castro Caldelas e a Feira do Viño de Belesar (as 3 últimas propostas de máis recente creación).



Figura 13. Mapa da Ruta do Viño Ribeira Sacra.  
Fonte: Ruta do Viño Ribeira Sacra.

### ► 3.1.2.3. Ruta do viño de Monterrei

A DO Monterrei atópase constituída por 6 municipios. O patrimonio histórico da comarca é moi abundante, abarcando desde a cultura megalítica, a castrexa e a romana (como dá fe a súa pertenza á Ruta da Prata) ata tempos máis recentes. Aínda que son os castelos o seu referente máis característico.

Outra das súas riquezas son os mananciais mineiro-medicinais do territorio que fan do turismo termal unha oferta interesante e complementaria ao enoturismo. Do mesmo xeito o patrimonio etnográfico vinculado aos entroidos é outro tractor para a experiencia enoturística en Monterrei.




Figura 14. Mapa da Ruta do Viño de Monterrei.  
Fonte: blog.turismo.gal.

A Asociación Ruta do Viño de Monterrei foi creada no ano 2009 como unha entidade destinada á promover as adegas e viños amparados baixo a DO co mesmo nome, así como impulsar o desenvolvemento cultural, social e económico deste territorio.

### ► 3.1.2.4. Ruta do viño de Valdeorras

Xunto co Ribeiro, Valdeorras é unha das DOs máis antigas de España (recoñecida por Orde Ministerial xa en 1945) aínda que a súa tradición vitícola remóntase á época romana (época na que se plantaron viñedos e se construíron lagares). Naceu para garantir a calidade dos viños da comarca e traballar na recuperación de variedades autóctonas como a Godello e no fomento de plantacións doutras variedades como a Mencía. Os viños de Valdeorras están entre os mellores viños mozos da España con un cada vez maior prestixio a nivel internacional tanto na Europa como fóra dela, sendo os EUA un mercado en crecemento debido ás altas puntuacións obtidas por parte dos críticos norteamericanos.

A Ruta do Viño de Valdeorras inclúe 8 municipios sendo un dos seus máis importantes recursos turísticos para esta ruta o Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra e o Santuario de As Ermidas mais a principal complementariedade establecida por este produto turístico é cos Camiño de Santiago a través do Camiño de Inverno.




Figura 15. Mapa da Ruta do Viño de Valdeorras.  
Fonte: Ruta do Viño de Valdeorras.



## **3.2. TURISMO GASTRONÓMICO**

O Comité de Turismo e Competitividade (CTC) da OMT define o Turismo Gastronómico como un tipo de actividade turística que se caracteriza pola experiencia do visitante vinculada á comida e aos produtos e actividades relacionados con ela durante a viaxe. Xunto coas experiencias culinarias auténticas, tradicionais e/ou innovadoras, o turismo gastronómico tamén pode implicar outras actividades relacionadas como a visita aos produtores locais, a participación en festivais gastronómicos e a asistencia a clases de cociña. A gastronomía, é un compoñente esencial da historia, a tradición e a identidade de un territorio que se converteu tamén nun motivo importante para visitar un destino.

Desde hai uns anos abríronse camiño novas formas de turismo entre as que se inclúe o turismo gastronómico (ou o termo mais amplo de turismo enogastronómico) brindando a oportunidade de utilizar o encanto culinario de cada territorio para ofrecer ao turista. No obstante, a gastronomía sempre tivo moita influencia no turismo. De feito, o gasto en comida que realiza cada turista é un terzo do custo xeral das súas viaxes (Mitchell e Sharples, 2003, citado en Hall C.M. et all, 2012).

Por outro lado, varios autores afirman que este produto turístico diversifica o modelo turístico de destinos consolidados nos que predominan outras tipoloxías de turismo, como podería ser o turismo termal na provincia de Ourense, contribuíndo á desestacionalización, ademais, a maioría dos turistas gastronómicos realizan polo menos unha viaxe por tempada. “Mesmo cando non é o motivo principal da viaxe, o goce de comidas e bebidas é un dos atributos que cada vez se valoran máis en calquera destino turístico” (Turespaña, 2022).

### **► 3.2.1. PERFIL DO TURISTA GASTRONÓMICO**

Os turistas gastronómicos, por definición demandan experiencias vinculadas á gastronomía en tanto que patrimonio inmaterial cultural dun territorio centrando o seu interese non só na degustación de produtos e menús diferentes e únicos, pero tamén por coñecer a procedencia, historia e elaboración dos produtos e pratos que van a desgustar. Outro atractivo dentro do turismo gastronómico, son as festas e feiras gastronómicas (un recurso especialmente relevante en Galicia), que un atractivo cada vez máis relevante para os turistas. En ambos os casos, estas experiencias deben ser vividas no local de orixe deses produtos sendo, este tipo de turismo, un elemento tractor do turismo rural e unha oportunidade de preservación e defensa do medio rural, da súa identidade e da tradición culinaria do seu pobo.

Segundo Pereira (2019), pódese clasificar o turista gastronómico en 4 perfís distintos: “gourmet e gastronómico”, “culinario”, “rural e urbano” e “outros”, como se pode observar na seguinte figura.

<b>TIPOS DE TURISTAS E MOTIVACIÓN POLA GASTRONOMÍA DO DESTINO</b>	 Gourmet e gastronómico	 Culinario	 Rural e urbano	 Outros
Intereses relacionados coa alimentación	Restaurantes, mercados e adegas específicos. Case todas as actividades relacionadas coa alimentación	Mercados, festas ou restaurantes locais, como parte dun estilo de vida e actividades culturais máis amplas	Visitar un restaurante local, un festival ou un restaurante para facer algo diferente	Ir a un restaurante local porque se está de viaxe e hai que comer
Nivel de motivación na visita	Gran interese	Interese moderado	Interese baixo	Baixo/ningún interese

Figura 16. Relación entre os tipos de turistas gastronómicos e o seu interese pola comida dun destino turístico, como motivación para viaxar.  
Fonte: Pereira (2019)

Engade que, segundo a enquisa de Dinamiza (2019)<sup>3</sup> dirixido a residentes en España durante a tempada de verán, o 82% dos enquisados realizaron turismo coa motivación de degustar a gastronomía local, nos dous últimos anos. Corresponde maioritariamente a unha persoa de entre 46 e 55 anos con estudos superiores sendo man de obra activa. Adoita viaxar en parella ou en familia realizando escapadas de fin de semana e pontes (1 ou 2 días) a destinos de proximidade. A súa motivación é comer nun restaurante concreto, comprar produtos locais (en especial viño) ou ir de tapas.

<sup>3</sup> Non foi posible acceder a información fiable e contrastada que permita caracterizar o perfil do turista gastronómico en España no período pos-pandemia. Utilízanse, por esa razón, os datos que serven de base ao Plan Turístico Nacional 2022 – Enogastronomía.




Figura 17. III Estudio da Demanda de Turismo Gastronómico en España (2)  
Fonte: Dinamiza (2019).

Este estudo tamén presenta unha clasificación dos destinos gastronómicos favoritos dos españois a nivel autonómico e provincial, situando ao País Vasco como o destino gastronómico favorito dos españois, seguido por Galicia (mellor destino para participar en festas e eventos gastronómicos) e A Rioxa.

canles dixitais son, tal como no caso anterior, cada vez máis relevantes no proceso de toma de decisión do turista gastronómico polo que é importante coñecer a reputación en liña do turismo gastronómico en España.

De acordo con Vivential Value<sup>4</sup>, no ano de 2019 verifícanse 1,7 millóns de recomendacións de gastronomía sendo Vigo (despois de Logroño e Jerez de la Frontera) o terceiro destino con maior porcentaxe de recomendacións en liña de turistas sobre a súa gastronomía respecto ao total das súas recomendacións. O grao de satisfacción, de acordo coas valoracións en liña, dos restaurantes é de 8,02 puntos sobre 10 para o cliente nacional (subindo para 8,41 se é emitida polo cliente internacional). Outro dato importante deste estudo é que o 15% das actividades e experiencias turísticas comercializadas en liña son gastronómicas.

### ► 3.2.2. TURISMO GASTRONÓMICO NA PROVINCIA DE OURENSE

Como xa indicado anteriormente (comprobado por estudos de demanda e de reputación en liña) Galicia é recoñecida pola súa gastronomía (polos seus valores gastronómicos tradicionais e a calidade dos produtos locais que están na súa base). A gran variedade de produtos alimentarios procedentes do mar e da horta, dunha calidade superior (identificados por selos de calidade tanto a nivel nacional e internacional, de feito en Galicia en xeral e en Ourense en particular, destacan os produtos protexidos con denominación de orixe) fan desta rexión autónoma un referente a nivel feiras e festas gastronómicas que se constitúen como o seu principal atractivo turístico a nivel gastronómico.

Existen nesta rexión 841 industrias agro-alimentarias repartidas polas súas catro provincias (252 delas en Ourense), incluíndo a produción de viño, augardentes e licores; industrias cárnicas e produtores de queixos (Pérez-Romero, M. E., et al., 2022).

A gastronomía ourensá baséase nos produtos da horta, a gandería, a caza (perdices, coellos ou xabaril) e os peixes de río (troita, anguía, salmóns e lamprea). Algúns pratos típicos son o cocido galego, as empanadas, o cabrito asado ou a anguía frita. A pesar de ser unha provincia interior, o polbo á feira é prato típico na zona do Carballiño, cuxa introdución se vincula aos monxes do Mosteiro de Oseira.

Ao nivel da repostería, na provincia de Ourense destaca coa bica (biscoito tradicional elaborado con manteiga), os amendoados e as canas recheas, sen esquecer o *marrón glacé* (a castaña abunda neste territorio e dedícaselle unha das festas máis populares na provincia, os Magostos).

<sup>4</sup> No Monitor de Reputación Online do Turismo Gastronómico.

A oferta de restauración de Ourense é ampla, cun total de 432 establecementos (ver Anexo I) desde os pequenos bares e tabernas ata restaurantes que souberon combinar a cociña caseira máis tradicional coas últimas tendencias gastronómicas.

En canto ao o seu prestixio e calidade, cabe destacar que na provincia de Ourense hai tres restaurantes con Estrela Michelin e un con Bib Gourmand<sup>5</sup>. Ademais, segundo a Guía Repsol 2022, hai cinco restaurantes premiados con 1 sol<sup>6</sup>, seis restaurantes recomendados na guía e 13 restaurantes premiados con solete<sup>7</sup>.

Dito isto, o éxito e atractivo dun restaurante é tamén o seu chef e as distincións nacionais e internacionais que se lles atribúe, cabendo destacar os chefs Julio Sotomayor, Daniel Guzmán, Lydia del Olmo e Xosé Magalhães, con una Estrela Michelin e 1 sol.

A provincia de Ourense presenta un total de 54 festas gastronómicas, segundo o INORDE. Ademais de promocionar os produtos da terra, estas mostras adoitan ir acompañadas de degustacións e comidas populares mezclando o ambiente festivo, a boa comida e a cultura popular (atractivos que permiten a desexada integración do turista na comunidade residente en especial no que incumbe ao turismo de proximidade).

### ► 3.2.2.1. Pratos típicos

Polo seu valor diferencial e identitario, cabe destacar os algúns pratos típicos da provincia xa que, ao nivel turístico, deben representar recursos básicos da experiencia gastronómica ofrecida polo destino. A pesar disto, non se pode dicir que exista un prato típico exclusivo da provincia xa que os seus pratos mais representativos son pratos da identidade rexional no seu todo non tendo sido posible aos autores encontrar un recetario tradicional destes pratos para a provincia.

#### • COCIDO GALEGO

O cocido é un dos pratos máis emblemáticos de Galicia, e a diferenza doutras rexións en España onde tamén se elabora este prato, no territorio galego caracterízase pola presenza de carnes de porco como o chourizo, lacón, touciño e mesmo costelas, acompañadas doutros ingredientes como cachelos, grelos, verza, fabas e nalgúns casos outros cárnicos como pita ou xarrete de tenreira.

<sup>5</sup> Distinción da Guía Michelin que recoñece a mellor relación calidade-prezo.

<sup>6</sup> É premisa a calidade do produto e a intención de elaborar unha cociña honesta e coherente que irá crescendo. Conta cun servizo atento e profesional, así como unha adega con inquietudes (Guía Repsol, 2022).

<sup>7</sup> Distingue os restaurantes con bo ambiente, proximidade e unha proposta gastronómica apetitosa e de calidade; destaca as mellores opcións cun menú informal e un menú do día (Guía Repsol, 2022).

A conservación de alimentos en sal é unha característica distintiva da tradición culinaria en Galicia, polo que o uso de embutidos, como chourizo, androlla ou botelo, é típico na elaboración deste prato.



Figura 18. Cartel Xornadas de Botelo e Cocido Valdeorrés.

Fonte: <https://www.gastroculturiaviajera.com/2022/02/i-xornadas-de-botelo-e-cocido-Ourense.html>

Concretamente, en Ourense, o botelo é popular, polo que no mes de febreiro celebrouse novamente o tradicional evento de Xornadas do Botelo e Cocido Valdeorrés, no que a Comarca de Valdeorras organizou actividades culturais e integrou un conxunto de restaurantes nos que se ofreceron estes e outros pratos.

### • EMPANADA GALEGA

A empanada pode ser considerada un dos pratos máis versátiles da gastronomía galega, tanto pola diversidade dos ingredientes cos que adoita ser preparada segundo a zona na que se atope, como no número de ocasións nos que pode consumirse.

Cada zona de Galicia ten a súa propia versión da empanada segundo os produtos dispoñibles e tradicionais do territorio, como poden ser mariscos, moluscos, peixes, carne de tenreira, de zorza, se ben a masa adoita ser a mesma, unha masa feita de trigo, millo ou centeo, rechea do produto principal e acompañada de cebola e pementos refogados.

Na provincia de Ourense, especificamente no Barco prepárase tradicionalmente con acelgas e patacas. Tamén se atopa en A Rúa a empanada de costelas, sendo este un dos seus pratos máis representativos.




Figura 19. Cartel Festa da Empanada 2022.  
Fonte: <https://festigaleiros.com/event/fiesta-de-la-empanada-de-allariz/>

En canto ás festividades, podemos atopar a Festa a Empanada en Allariz que se celebra no mes de agosto. Tamén se celebrou a Festa da Costala de A Rúa Vella, un festexo gastronómico no que se ofrece sopas de allo, empanada de «costelas», sopapo de «roxóns», viño, café e licores.

### • PULPO Á FEIRA

O polbo galego é quizá un dos pratos máis representativos non só da provincia, senón de España a nivel internacional. A súa orixe remóntase á Idade Media na que se trasladaba desde a costa e para a súa conservación era necesario secar o polbo ao sol — do mesmo xeito que ocorre co bacallau — e despois transportábase aos pobos do interior de Galicia e a outras cidades españolas, onde para o seu consumo se hidrataban a base de aceite e pemento. E desta maneira o polbo viaxaba de feira en feira e así adquire este nome, desenvolvendo unha importante actividade comercial no que se xestou o oficio de pulpeiras e pulpeiros.




Figura 20. Cartel Festa do Polbo, 2022.  
Fonte: <https://festigaleiros.com>

A Festa do Polbo do Carballiño, festa de interese turístico internacional, celébrase o segundo domingo de agosto no Parque Municipal do Carballiño e no marco destas festividadeas celébrase un dos eventos gastronómicos máis representativos da gastronomía galega no que se elabora a tapa de polbo máis grande do mundo.

#### • ANGUÍA FRITA

Ourense, é un dos lugares con maior consumo de anguía. Este animal proveniente dos ríos obtense a través da actividade pesqueira, a cal está regulada por plans de xestión para a recuperación da especie polo que estes plans establecen, entre outras medidas, a época na que se pode capturar.



Figura 21. Cartel Festa da Anguía 2022.  
Fonte: <https://festigaleiros.com>

En Castrelo de Miño celébrase a Festa da Anguía, coincidindo coas festividades en honra á Virxe das Neves na cal se consome como prato típico anguía frita.

#### • CABRITO ASADO

Vilariño de Conso destaca por ser un concello no que se mantén o pastoreo de serra do cabrito. Os rabaños destes animais na antigüidade eran de carácter comunitario.



Figura 22. Cartel Festa do Cabrito.  
Fonte: <https://festigaleiros.com>

Durante o domingo de entroido pódese degustar esta riqueza culinaria da zona que se acompaña doutros produtos como os chourizos e a bica mantecada. Esta celebración coñéceselle como a Festa do Cabrito e neste marco festivo, ao mediodía ofrécese unha comida aberta a todos os residentes e visitantes do municipio.

- **BICA MANTECADA**

A bica mantecada galega é un doce típico de Ourense que como outros pratos, conta con diferentes versións como a bica branca de Laza ou a bica de castaña. Unha das características que os distingue é o uso dun pre-fermento que evita o uso de fermentación química, ademais de que conta cunha distintiva costra de azucre e canela ao exterior deste biscoito.



Figura 23. Cartel Festa da Bica.  
Fonte: <https://festigaleiros.com>

A festa dedicada a este postre celébrase no mes de xullo, tradicionalmente na Pobra de Trives.

### ► 3.2.2.2. Produtos Gastronómicos con Denominación de Orixe

Pola súa importancia para o desenvolvemento do turismo gastronómico en Ourense (moi especialmente polo seu valor diferencial e identitario), preséntase, nos puntos seguintes, unha breve caracterización dos produtos gastronómicos con denominación de orixe da provincia.

## • PAN DE CEA

O Pan de Cea é un pan artesanal que se elabora con fariña de trigo, da que o 50% procede das variedades da Comunidade Autónoma de Galicia. A súa denominación de orixe está recoñecida desde 2004. A masa cócese nos 18 fornos circulares de pedra granítica (deseño característico da zona) do concello de San Cristovo de Cea, no Camiño Mozárabe-Vía da Prata a Santiago de Compostela.

A tradición panadeira deste concello está vinculada ao Mosteiro de Santa Maria A Real de Oseira, Monacato que nunca deixou de lado as prácticas da moenda e a panadería. Esta tradición está unida tamén ao paso de peregrinos cara a Santiago, durante a Idade Media.



Figura 24. Pan de Cea - logotipo.  
Fonte: CRIXP Pan de Cea.

Na actualidade a panadería segue sendo a principal actividade agro industrial de Cea, á que se dedican máis de vinte fornos que elaboran este produto e ao que desde hai xa varios anos dedícaselle unha festa gastronómica (recoñecida como Interese Turístico de Galicia) de exaltación no mes de xullo.



Figura 25. Cartel da Festa de exaltación do Pan de Cea de 2022.  
Fonte: [www.paxinasgalegas.es](http://www.paxinasgalegas.es)

## • PEMENTOS DE ARNOIA

Os pementos orixinarios da localidade de Arnoia (val vinícola de Ribeiro) teñen indicación xeográfica protexida desde o ano 2009; o seu ámbito xeográfico comprende uns 23 km<sup>2</sup>). Trátase dun produto único, grazas a unha combinación natural entre o tipo de chan, o microclima e o coidado tradicional. Son recoñecibles pola súa forma cónica, a súa pel lisa que e a súa cor (verde claro).

Cada exemplar é sometido a diversos procesos para certificar a súa calidade, a través do seu Consello Regulador. Se cumpren con todos os requisitos (calidade, frescura, orixe, tamaño, etc.) pónselle a etiqueta que debe indicar obrigatoriamente o seu IGP como “Pemento de Arnoia”.



Figura 26. Pemento de Arnoia - logotipo.  
Fonte: <https://pementosdearnoia.com>

A súa festa, declarada de Interese Turístico de Galicia, celébrase durante o primeiro fin de semana de agosto.




Figura 27. Cartel da Festa Pemento de Arnoia de 2022.  
Fonte: <https://pementosdearnoia.com>

## • PEMENTOS DE OÍMBRA

Os pementos amparados pola indicación xeográfica protexida Pemento de Oímbra está constituída pola totalidade da comarca ourensá de Verín, dende o ano de 2009. Caracterízase por ter una forma alongada, con pel lisa e brillante e de cor verde clara con tonalidades case amarelas. Destácase polo seu sabor doce sen picar.

Segue, na súa produción os procedementos establecidos no Código de boas práctica agrarias.



Figura 28. Pemento de Oímbra - logotipo.  
Fonte: <http://www.pementodeoimbra.org/es/inicio-es/>

A súa feira, declarada de Interese Turístico de Galicia, celébrase durante o inicio de agosto.




Figura 29. Cartel da Festa Pemento de Oímbra de 2022.  
Fonte: <https://www.oimbra.gal/turismo-e-patrimonio/feira-do-pemento/>

## • PATACA DA LIMIA (PATACA DE GALICIA)

Do cultivo da pataca en Galicia faise mención xa no ano 1607, e a súa denominación de orixe cobre un territorio que excede os límites da provincia de Ourense. Nesta provincia a súa produción céntrase na sub-zona da Limia. Nesta comarca comercialízanse cada ano cen millóns de quilos de pataca dos que o dez por cento están amparadas pola denominación de orixe Pataca de Galicia.



Figura 30. Pataca de Galicia- logotipo.  
Fonte: <https://patacadegalicia.es>

A pataca da Limia tamén conta cunha festa de exaltación realizase en Vilar de Barrio (aínda que non esté recoñecida como festa de interese turístico leva xa 43 edicións).



Figura 31. Cartel da Festa de Pataca de 2022..  
Fonte: [www.paxinasgalegas.es](http://www.paxinasgalegas.es)

O bagazo (vinculado ás DO vinícolas presentadas anteriormente) e o mel (da área do Xúres-Baixa Limia), son outros produtos con denominación de orixe (pero comúns a toda a rexión. De entre estes destácase a castaña (producida en todos o municipios de Ourense) que é o primeiro froito galego que opta á denominación de orixe y cuxa festa de exaltación declarada como de interese turístico de Galicia se celebra en Ríos.



Figura 32. Cartel da Festa da Castaña y do Cogomelo de 2022.  
Fonte: [www.paxinasgalegas.es](http://www.paxinasgalegas.es)



### 3.3. TENDENCIAS PARA O TURISMO ENOGASTRONÓMICO

De acordo co plan turístico nacional de enogastronomía (Turespaña, 2022) verifícase unha clara tendencia de crecemento como motivación do turismo, especialmente relevante no que incumbe ao turista español, que evoluciona en liña coa tendencia global a nivel internacional. Gozar dunha boa comida converteuse nunha actividade relacionada co ocio e simultaneamente, unha importante aportación ao turismo sostible e á promoción da cultura dos destinos turísticos (Ostelea, 2020).

En consecuencia, promover e desenvolver de forma coherente e consistente, un destino enogastronómico é fundamental ser capaz de acompañar as tendencias de evolución que experimenta este produto turístico en cada momento, polo que se resumen as principais tendencias actuais en os próximos puntos, que poderían ser xa un guía para a elaboración do plan enogastronómico de márketing para a provincia de Ourense.

### ► 3.3.1. XERACIÓNS ENOGASTRONÓMICAS

Os *millennials* - os nados entre 1981 e 1996 - foron os principais impulsores do crecemento da enogastronomía turismo mundial (Garibaldi, 2022). A súa paixón, por todo o relacionado coa alimentación levoulles a estar máis informados e concienciados o que conduce a un a comportamento de consumo máis sostible e amigo do ambiente.

Empezaron a prestar máis atención á calidade e a salubridade dos produtos que compran, e a viaxar para descubrir a cultura alimentaria e vinícola do local escollido, procurando participar en experiencias temáticas.

Estes turistas representan actualmente un importante segmento de mercado, principalmente debido ao papel a importancia da enogastronomía na súa toma de decisións. Segundo Garibaldi (2020), o 72% dos turistas *millennials* cre que este compoñente é máis importante hoxe que fai cinco anos. Neste contexto, a importancia de experiencias temáticas específicas no destino elixido é mais importante que para outras xeracións como os Boomers (1946-1964) ou a Xeración X (1965-1980) facendo deste produto un interese transversal e que involucra a diferentes xeracións.

A Xeración Z (xeración seguinte ós Millennials) presentan una aínda máis grande propensión para viaxar. Estes turistas (nados despois de 1997) mostran un gran interese polas vacacións enogastronómicas, e o 79% afirma viaxar para vivir experiencias temáticas únicas e memorables. Para este grupo obxectivo, a internet é aínda máis relevante que para as xeracións anteriores (80% é impulsado a realizar experiencias turísticas polos vídeos, comentarios e posts publicados nos diferentes canais virtuais).

### ► 3.3.2. EVOLUCIÓN DAS EXPERIENCIAS

O turista enogastronómico corresponde a calquera que faga polo menos unha viaxe cunha estancia dunha noite coa gastronomía e o viño como principal motivación. A crecente popularidade obriga a distinguir aos turistas polo seu motivo da viaxe o que permite distinguir entre o turista gastronómico do turista xeneralista. Para os primeiros, estas experiencias representan o núcleo da viaxe; para o segundo, en cambio, serán actividades “auxiliares” que enriquecerán as vacacións.

Garibaldi (2020) mostra que o turista gastronómico é un viaxeiro ecléctico, busca e participa activamente nunha ampla variedade de experiencias. As máis populares están relacionadas coa degustación de alimentos, bebidas e pratos tradicionais e non tradicionais. Con frecuencia levan a cabo diferentes tipos de experiencias na mesma viaxe: ao redor da metade dos que foron a un restaurante *gourmet* tamén comeron nun *food truck* e combinouno con outras actividades, principalmente compras, festivais, concertos, eventos deportivos ou actuacións artísticas. É esta versatilidade que o torna “ecléctico”, ou sexa, un individuo que nas viaxes “o buscao todo”.

Outra tendencia é a inmersión en novos descubrimentos a través da saída da zona de confort. Descubrir novas culturas, experiencias e mergullarse en novos países para cumprir a lista de desexos de viaxe. Trátase de descubrir novos procesos de produción e novas especialidades, de coñecer o produtor ou o *chef* que as cociña.

Esta tendencia está demostrada tamén na análise das experiencias “*Food and Wine*” ofrecidas en TripAdvisor, con un rexistro de un crecemento exponencial das experiencias de catas de viño, visitas a destilerías ou percorridos temáticos asociados ao chocolate (TripAdvisor, 2019).

### ► 3.3.3. FOOD TRUCK OU STREET FOOD

Os *food trucks* ou *street food*, mais coñecida como a comida de rúa, son unha das experiencias de que máis gozan os turistas. Definida pola Organización das Nacións Unidas para Agricultura e Alimentación (FAO, 1995) como “os alimentos da rúa son alimentos e bebidas listos para consumir preparados e/ou vendidos por vendedores ambulantes”.

A *street food* é un fenómeno de moda que destaca pola súa diferenza e creatividade, non só polos sabores e a variedade cada vez maior de alimentos ofrecidos, se non tamén polos vehículos visualmente atractivos e creativos que os serven.

### ► 3.3.4. INNOVACIÓN E DIXITALIZACIÓN

Desde o punto de vista da innovación, a OMT (2019), sinala como tendencias o uso de ferramentas de marketing para potenciar o enoturismo, como o *storytelling*, a análise de datos e o uso da tecnoloxía en varios idiomas na experiencia local e en liña do enoturista. Tamén a constante innovación en materia de sustentabilidade e a cooperación coas empresas e os destinos, xuntando esforzos e creando sinerxías innovadoras son tendencia para o sector.

Garibaldi (2020) explica que o turista de hoxe é máis esixente e busca experiencias capaces de satisfacer as súas necesidades e elas constrúense ao redor dos seus requisitos polo que dispoñer de información detallada representa, para os operadores turísticos, o punto de partida para a construción de propostas innovadoras/ personalizadas en función das preferencias, aptitudes e hábitos.

A Web 2.0 é, cada vez máis, un importante escenario de comunicación: dende as redes sociais ás paxinas e plataformas do destino así como os corporativos, todos os canais de comunicación online son potentes transmisores de información ao público en xeral. Ao mesmo tempo son unha fonte de información valiosa onde recoller información fiable sobre o perfil dos turistas actuais e potenciais.

### ► 3.3.5. SUSTENTABILIDADE

Como xa indicado, para o turismo enogastronómico a sustentabilidade afirmase como un valor central. Se os millennials están concienciados para a sustentabilidade dos seus consumos, incluídos os consumos turísticos, os turistas en xeral buscan a autenticidade das súas experiencias a nivel cultural asegurando a preservación tanto dos valores naturais do destino como do seu patrimonio inmaterial.

Neste contexto, as experiencias de turismo enogastronómico deben permitir aos consumidores a conectarse co sistema alimentario e a comprender mellor o percorrido dos seus alimentos desde o “prado ata o prato”. Deben ser unha ferramenta para a sustentabilidade dos destinos e as zonas rurais circundantes, congregando a produtores, restauradores, operadores turísticos e consumidores. Deben estimular a difusión de prácticas alimentarias e vitivinícolas sostibles de produción así como un consumo alimentario mais atento aos seus aspectos ambientais, sociais, culturais e impacto económico. Deben ir máis alá do ámbito da produción e contribuír a preservar o coñecemento culinario do lugar, as súas receitas típicas, contribuíndo a que non se perdan as súas raíces e a súa identidade.

A tendencia principal é que os turistas deixen de ser meros espectadores e teñan un papel activo como “embaixadores” da gastronomía e dos viños do destino visitado na súa última viaxe. A proposta de valor das novas experiencias enogastronómicas é que deben ser capaces de sensibilizar, de mostrar a importancia dos produtos locais típicos e ecolóxicos e do baixo impacto ambiental, e comunicar os beneficios de consumo quilómetro cero.

### ► 3.3.6. POR EN VALOR O LOCAL E AOS LOCAIS

Outra das tendencias actuais é a oferta de experiencias enogastronómicas que demostren a unión da gastronomía e viño do destino co seu territorio e a comunidade residente. A súa esencia debe ser a de constituírse na expresión do lugar e da cultura e identidade locais. O local e a pequena escala adquire por esa razón unha nova importancia a nivel mundial.

A experiencia, ademais da proba dos sabores é o descubrimento do “berce” do que se está probando. O post COVID, puxo en valor a celebración e o desfrute dos “simples luxos da vida” poñéndose a si mesmo - o “*me, myself and I*” - en primeiro lugar (á veces sen medir o custo desa experiencia) en lugares únicos e menos masificados (o que xera, a veces, experiencias espontáneas).

O elemento principal do produto enogastronómico pasa por brindar ao visitante unha inmersión coa poboación local enfocada desde o respecto á contorna e aos seus costumes (incluso desde unha perspectiva pedagóxica na que é posible aprender os “trucos” da utilización dos produtos locais e as receitas tradicionais).

### ► 3.3.7. RUTAS E EVENTOS

Os cambios de comportamento dos turistas post-pandemia da lugar à procura de fórmulas de consumo das experiencias enogastronomicas; de entre elas destácanse:

- A crecente importancia dos eventos gastronómicos (en especial en Galicia, que se distingue como destino de feiras e festas de gastronomía e viños) que permiten aos destinos e aos seus actores relacionarse directamente cos turistas incluso fora do territorio.
- A degustación da enogastronomía gañou unha nova dimensión “á distancia” coa compra online e as entregas en casa (que reforza a tendencia de que na viaxe ao destino a inmersión sexa mais intensa).
- A crecente opción por percorrer as rutas de enoturismo en coche ampliando o percorrido realizado no período de vacacións (visitar mais adegas no mesmo día, aínda que as actividades realizadas nelas estean menos vinculadas a proba do viño e mais aos procesos de produción e de coñecemento da paisaxe).



## 3.4. PRINCIPAIS MERCADOS EMISORES

Os principais mercados emisores turísticos de Galicia segundo o Balance Turístico de Galicia 2021 están representados na figura seguinte.




Figura 33. Principais mercados turísticos de Galicia, 2021.  
Fonte: Balance Turístico de Galicia - Ano 2021 - Axencia Turismo de Galicia.

Madrid é o principal mercado emisor a nivel nacional xa que con máis de 1,3 millóns de noites representa unha porcentaxe do 15,8% do total da demanda turística rexional. Ten un peso maior que o resto dos mercados nacionais.

No ámbito internacional, en 2021, Portugal segue sendo o principal mercado emisor de Galicia, cun total de máis de 272 mil pernoitas, ou sexa, o 3,2% do total do mercado e o 26% do internacional.




Figura 34. Análise dos principais mercados emisores da Galiza, entre xaneiro e abril de 2022.  
Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE) - Abril 2022. Datos provisionais - Miles de persoas.

En termos de volume acumulado, de xaneiro a abril do 2022, a Comunidade Autónoma de Galicia recibiu 281,4 mil turistas, o que representa o 1,8% do total do turismo estranxeiro recibido en España. O 73,1% dos turistas estranxeiros utilizou a estrada como medio para chegar a Galicia, fronte ao 25,6% que utilizou o avión.

Sobre o principal motivo de viaxe, os turistas estranxeiros visitan Galicia por lecer/vacacións (80,9% do total dos turistas que a visitan).



## **3.5. BENCHMARKING**

O *benchmarking* é unha ferramenta de análise de destinos concorrentes e/ou que representan boas prácticas e que permiten coñecer o mercado e o turista e serven de inspiración e orientación para definición de estratexias e plans de acción.

Para o presente traballo, foron analizados diferentes benchmarks de destinos enoturísticos, de destinos gastronómicos e de destinos enogastronómicos co obxectivo de, por unha banda identificar accións e estratexias que poidan ser replicadas na Provincia de Ourense, e, por outra, que axuden a definir (por comparación) o estado actual do turismo enogastronómico da provincia de Ourense. As rexións analizadas rexións son exitosas pola conexión do viño coa gastronomía ou polas estratexias que permitiron desenvolverlas como destinos turístico.

### **► 3.5.1. TOSCANA (ITALIA)**

A Toscana é unha rexión rica en arte e historia, pero tamén en tradicións culinarias e enolóxicas. A nivel turístico hai unha aposta clara por explorar os numerosos aspectos da cultura gastronómica local e todas as pequenas diferenzas entre as distintas zonas, posicionándose a enogastronomía como principal vantaxe competitiva do territorio.




Figura 35. Posición competitiva de Toscana.  
Fonte: Toscana Promozione Turistica (programa operativo 2021).

Segundo Toscana Promozione Turistica (2021), a rexión conta con 10 produtos IGP (Protección Xeográfica de Orixe), 10 produtos DO (Denominación de Orixe), 6 produtos DOCG (Denominación de Orixe e Garantía Controlada) e 10 DOC (Denominación de Orixe Controlada). Estes produtos proceden na súa maioría do campo e a terra, como o aceite de oliva, os embutidos, o queixo, o pan e os viños.

Segundo a mesma fonte, cada ano prodúcense máis de 44 millóns de pernoitas na rexión, ás que hai que engadir uns 40 millóns noutras formas de aloxamento non turístico “secundario”, que producen unha riqueza equivalente ao 6,5% do PIB rexional e xeran un emprego equivalente ao 10% da poboación activa.

Os principais mercados emisores externos da rexión son Alemaña, Holanda, Reino Unido e a duración media da estancia é de 3,6 noites para os italianos e de 3,4 noites para os estranxeiros. En xeral, os meses nos que hai unha afluencia importante de turistas van de abril a outubro.

Segundo o “Documento Estratéxico 2020 do Destino Toscana”, foron definidos os principais produtos turísticos da rexión e como se pode ver na figura seguinte, un dos produtos con máis destaque, que se insere no concepto *Slow Tourism* e no concepto turismo de negocios, é o *Passione enogastronomica*. Neste contexto enténdese a gastronomía como unha forma de turismo sostible polo seu valor etnográfico e cultural.

#TUSCANYTOGETHER

## Le aree prodotto dell'offerta turistica regionale

<b>Arte e cultura</b>			<b>Active</b>		
Short Break	Viaggi d'arte	Eventi	Montagna Inverno	Natura	Sport
<b>Slow</b>			<b>Balneare</b>		
Scoperta Territorio	Relax, Benessere e Termale	Passione Enogastronomica	Famiglie	Nautica	Divertimento
<b>Luxury</b>		<b>Business</b>			
Scoperta Territorio	Relax e Benessere	Scoperta Territorio	Relax e Benessere	Passione Enogastronomica	
<b>Religioso</b>		<b>Medicale e Termale</b>			

Figura 36. Principais produtos turísticos de Toscana.  
Fonte: Toscana Promozione Turistica (programa operativo 2021).

Baixo este concepto ofrécese un turismo slow e experiencial desenvolvendo ofertas de: *Oleoturismo*, vacacións para descubrir os viños e sabores da Toscana, fins de semana para descubrir viños e sabores e rutas do viño. Cada unha destas experiencias desenvolvéndose de forma estratéxica nos diferentes sub-espazos da rexión.

### ► 3.5.2. ADELAIDA (AUSTRALIA)

A investigación de *Tourism Australia* revelou que das persoas que nunca visitaron Australia, só o 26% asocia o destino cunha boa oferta gastronómica e vinícola. Pero o certo é que, para os que visitaron o país, Australia ocupa o segundo lugar entre os 15 principais mercados polas súas experiencias gastronómicas e vinícolas.

Para reducir esta brecha de percepción entre os que visitaron Australia e os que non, *Tourism Australia* desenvolveu a idea de que Australia podería ser o mellor restaurante do mundo. Trátase de unha colaboración con *chefs* famosos, personalidades influentes do mundo da gastronomía e do viño e cos principais medios de comunicación nacionais e internacionais para promover as experiencias gastronómicas e vinícolas que ofrece Australia, que acompaña con una estratexia de márketing dixital con contidos inspiradores en [australia.com/foodandwine](http://australia.com/foodandwine) e nas redes sociais utilizando o *hashtag* #restaurantaustralia. Con esta campaña, lanzada no 2013, logrouse:

- O gasto en comida e viño por parte dos visitantes internacionais aumentou un 38% ata alcanzar os 5.800 millóns de dólares en 2017 e agora representa un de cada cinco dólares gastados.
- A clasificación mundial de Australia pasou do posto 10 ao 8 en canto a comida e viño entre os que non viaxaron a *Down Under* e Australia ocupa o posto 3 para os que si a visitaron.

Cabe destacar algunhas das experiencias de turismo gastronómico consideradas (en Australia) máis atractivas entre os viaxeiros de alto valor:

- Patrimonio - experiencias gastronómicas que falan do patrimonio dunha rexión e destacan os produtos locais.
- Benestar - polo desexo dunha alimentación equilibrada con produtos máis frescos e nutritivos.
- Ocasións - experiencias nas que a comida é a protagonista, a calquera prezo, desde a comida rueira ata a cea de luxo.
- Historias - sobre a procedencia, a produción, a artesanía dos produtos e as experiencias culinarias personalizadas.

Estas estratexias contan coa implicación dos locais, a creación de asociacións e o desenvolvemento de estratexias de márketing baseadas na narración de historias e a participación das redes sociais.

Entre as accións chave que se desenvolven nestas áreas atópanse as seguintes (con interese para unha posible replicación na provincia de Ourense):

- Accións puntuais de marketing internacional dirixidas directamente ao consumidor de viño.
- Desenvolvemento de materiais nos que se convide a coñecer Adelaida como "A capital do viño de Australia".
- Campaña de prescriptores do destino a nivel internacional para promover as experiencias do destino
- Aumento do coñecemento da marca a través de estratexias de marketing dixital e viaxes de familiarización (*fam trips*).
- Traballo conxunto con asociacións de viño rexionais para promover que as adegas desenvolvan produtos que sexan comercializables.
- Posta en valor as experiencias existentes a través de diversos medios.
- Apoio ás adegas na creación de novos e innovadores produtos online con esta estratexia.
- Utilización das rutas existentes para facilitar a planificación das visitas e promover que permanezan máis tempo na rexión.
- Sensibilización de todos os actores involucrados para que fosen capaces de entender o valor do turismo e as oportunidades que xera.

Tal e como no *benchmark* anterior tamén se promoveu o desenvolvemento de experiencias enogastronómicas dirixidas ao fortalecemento deste destino no mercado do turismo de gastronomía e viños:

- Proba de colleitas específicas: Esta experiencia permite degustar botellas de viño elaboradas no ano de nacemento do visitante, probando o viño directamente das barricas nas que se atopa almacenado.
- Deseño dun viño propio: As adegas ofrecen a experiencia de mestura de viños baixo a tutela de enólogos expertos. Esta experiencia permite que os visitantes deseñen o seu propio viño coa axuda dun profesional e ao final leven a botella a casa.
- Ciclismo en Riesling: Orixinalmente foi un camiño ferroviario que foi habilitado para percorrer en bicicleta, conta con 3 diferentes opcións de percorrido que van desde os 9 ao 16 km pasando polos pobos máis importantes da zona e está inmerso na paisaxe vitivinícola.
- Visita a bares: Neste percorrido ofrécese ademais de viño, cervexas artesanais e outras bebidas producidas localmente como a xenebra ou whisky, cocktails deseñados especificamente para resaltar os atributos da rexión e degustación de comida típica da zona, cada bar ou establecemento ten unha temática distinta.
- Edificios icónicos: Tamén se poden realizar percorridos a edificios representativos da rexión como museos, modernas adegas no medio de viñedos, que reúnen o atractivo da paisaxe con construcións vangardistas que ofrecen servizos tanto de recreación como restauración.

### ► 3.5.3. BOGOTÁ (COLOMBIA)

De acordo co segundo informe global de turismo gastronómico da OMT, presentado en 2017, o sector gastronómico de Bogotá constaba de aproximadamente 32.000 compañías representando o 1% do Produto Interno Bruto da cidade. O clúster gastronómico busca subir de nivel e diversificar a oferta do sector a través do deseño e a implementación do turismo gastronómico, baseado no coñecemento do produto agrícola, a preparación de alimentos tradicionais, e a existencia de mercados de campesiños.

Trátase dun traballo conxunto entre a organización de promoción turística do goberno municipal e o Instituto de Turismo de Bogotá, este proxecto (creación do clúster) está enfocado a fortalecer os produtos dos mercados de campesiños así como a oferta de cociña tradicional e está dirixido a converter os mercados colombianos en espazos representativos que poidan ilustrar a cultura e a identidade colombiana.

Desde a perspectiva do Instituto de Turismo de Bogotá, segundo información deste mesmo informe presentado pola OMT, “Os mercados tradicionais de campesiños son emblemáticos e aínda que os gobernos municipais víronos como únicos e atractivos para turistas e residentes locais, buscan tamén que sexan percibidos como escenarios realmente gastronómicos onde os visitantes poidan sentirse cómodos e seguros de probar produtos naturais e frescos a prezos accesibles.”

O valor patrimonial destes lugares e o seu potencial como *hubs* para turismo é entendido como incuestionable, tanto a nivel nacional como internacional polo que a identidade desta cidade é establecida a través da súa historia e os seus ingredientes, o sexa, pola cultura gastronómica de Bogotá. Son 19 os mercados agrícolas que integran o proxecto que involucra a diferentes actores como entidades públicas e a cadea de valor gastronómica completa, así como residentes locais e turistas a través das seguintes accións:

- Deseño e implementación de estratexias de comunicación e promoción dos mercados agrícolas como atractivos turísticos.
- Implementación de actuacións de mantemento e renovación da infraestrutura existente, modificando estes mercados para recibir turistas e residentes locais.
- Implementación de estratexias para recuperar os valores arquitectónicos e patrimoniais dos mercados agrícolas e a súa contorna.
- Incrementar o valor do patrimonio tanxible e intanxible dos mercados agrícolas.

#### ► 3.5.4. BAIARRADA (PORTUGAL)

Un *benchmark* no ámbito do turismo gastronómico interesante atópase no país veciño, na rexión Centro de Portugal: a *Bairrada*, cuxa identidade se confunde co produto e prato gastronómico que configura o principal motivo de visita a esa parte da rexión centro, o “*leitão*” (leitón asado en forno de leña).

Pero esta é tamén unha importante rexión vinícola demarcada desta rexión portuguesa. O seu desenvolvemento turístico promóvese a través da constitución da asociación “*Rota da Bairrada*” cuxas principais marcas distintivas son o viño escumante e o leitón.

Nesta rexión, o termalismo tamén é un valor turístico estratéxico, aínda que o seu valor como marca/atractivo turístico é, ao contrario do que pasa en Ourense, bastante inferior ao do enoturismo. A visión estratéxica deste destino turístico pasa pola oferta de experiencias que permitan descubrir o ben que se vive en este territorio.



Figura 37. Marca Bairrada.  
Fonte: Facebook Ivity Brand Corp (2019).

O turismo enogastronómico ven reforzando nos últimos anos con atractivos turísticos innovadores como a “Quinta do Encontro” na que se evidencia o potencial da maridaxe da cultura do viño, o deseño arquitectónico (polo que recibe o premio Global Wines) e a gastronomía.



Figura 38. Adega da Quinta do Encontro.  
Fonte: [www.quintadoencontro.pt](http://www.quintadoencontro.pt)

No relativo à promoción, a súa estratexia pasa pola cooperación na organización, por exemplo, de eventos dirixidos a axentes de viaxes. Para novembro de 2022 está prevista, en colaboración coa Comisión vitivinícola de Lisboa, a organización do *roadshow* “Your Atlantic wine experience” composto por *workshops* que inclúen unha importante mostra da oferta rexional existente. Nestes *workshops* procederáse à “presentación de proxectos de enoturismo que proporcionan momentos únicos para familias, parellas de namorados, grupos de escala e mesmo eventos corporativos” (Publituris).



Figura 39. Roadshow “Your Atlantic wine experience”.  
Fonte: Publituris.

### ► 3.5.5. BOLIVIA

Bolivia é considerada pola OMT como un *benchmark* a nivel de turismo gastronómico polo seu “Ruta da Quinoa”, unha actividade dirixida a autoridades, empresarios, produtores, xornalistas e estudantes para que coñezan as virtudes da cultura da quinoa e as paisaxes aos que esta asociada esta produción.

Trátase de difundir, a través dunha viaxe de familiarización á poboación coñecementos sobre os sistemas de produción, cultura e valores do cultivo da quinoa, motivando ao estudo e investigación do cereal, ademais de ensinar o patrimonio cultural de Bolivia.

A viaxe (que conta xa con varias edicións) permite aos participantes coñecer as diferentes fases de produción, contactar cos produtores *in situ* e probar pratos típicos a base de quinoa.

### ► 3.5.6. TOKAJ (HUNGRÍA)

A rexión de Tokaj es unha rexión vinícola húngara patrimonio da humanidade. A súa estratexia de desenvolvemento rexional ten como foco central a produción de viño á que nos últimos anos está a xuntar o enoturismo non só como actividade económica, pero como elemento de preservación da súa cultura vinícola.

No trienio 2022-24 o programa de Desenvolvemento local está dotado dun orzamento de 375 millóns de euros dos cales, 33 millóns están dedicadas á mellora dos camiños rurais entre os diferentes viñedos coa dobre función de apoiar a actividade vinícola e establecer unha rota circular (pedestre e ciclable) de uso turístico aos que se engaden 56 millóns de euros para apoiar a pemes turísticas demostrando claramente a súa aposta por unha actividade turística centrada en este patrimonio endógeno.

Como *benckmark* para a deputación de Ourense destácase a súa aposta por facer da cultura vinícola a súa identidade e principal proposta de valor a nivel de marketing territorial. A este efecto, diferentes intervencións no espazo público son dirixidos a pasar esa mensaxe.

Outra acción relevante, desenvolta en tempos de pandemia e continuada, polo seu éxito, na actualidade é a organización de catas virtuais para xornalistas, escritores e *bloggers* especializados en viño de potenciais mercados compradores, así como para restauradores e *summillers* (actividade *bussiness to bussiness*), co obxectivo de xerar artigos específicos acerca da rexión de Tokaj e dos seus viños por unha banda, e incrementar a presenza dos seus viños en restaurantes, por outro.



Figura 40. Miradoiro (rexión vinícola de Tokaj en Eslovaquia) e arte urbano (cidade de Tokaj en Hungría).  
Fonte: Elaboración propia.

### ► 3.5.7. ZAGREB (CROACIA)

Desde o 2014, Zagreb posúe unha aplicación móbil que permite ao turista explorar diferentes rutas e percorridos na cidade. Unha delas é a *Foodie Route* que no 2016 actualízase para dedicala á promoción de comida “confort” e saudable producida con ingredientes locais frescos. A súa actualización tivo como “curador” a un blogger popular para darlle credibilidade ás eleccións nela incluídas. As opcións do roteiro aínda que primando pola calidade deben ser tamén alcanzables. Aínda que non exclusivamente dedicada a experiencias gastronómicas a comida é o elemento central.

A aplicación do ruta segue principios de gamificación permitindo gañar premios e lembranzas sendo atractiva para os perfís de turistas máis novos.




Figura 41. Aplicación móbil de Zagreb.  
Fonte: <https://www.meetinzagreb.hr/news/-5bd83544bdd34>

### ► 3.5.8. PROXECTO GATURI (ESPAÑA & FRANCIA)

As rexións españolas de Navarra, Euskadi, A Rioxa e as rexións francesas de *Béarn* e *Pays Basque*, uníronse no proxecto Gaturi para crear un destino gastronómico internacional único que se toma como *benchmark* para a provincia de Ourense no que incumbe á promoción e posicionamento gastronómico e turístico a nivel internacional e no que toca ás posibilidades de aproveitar as vantaxes competitivas de tamén configurar un territorio transfronteirizo.



Figura 42. Proxecto POCTEFA Gaturi.  
Fonte: [www.gaturi.org](http://www.gaturi.org)

Como accións relevantes, cabe destacar a plataforma VisitGastrOH!, un exemplo de como axuntar os recursos enogastronómicos da provincia así como as rotas e experiencias da provincia e os seus recursos turísticos e agro-alimentarios. Esta plataforma distínguese por corresponder a un escaparate de venda de produtos agro-alimentarios dirixido tanto ao cliente final como canal Horeca.

Entre as rutas promocionadas, destaque para o “ruta enogastronómica” cuxo atributo máis distintivo é a oferta de produtos ecolóxicos; o circuíto da alta gastronomía que pon en valor a gastronomía de excelencia recoñecida internacionalmente cos máis importantes selos de calidade do sector ou a ruta dos sabores do camiño de Santiago que se presenta como o gran tour polos sabores gastronómicos do destino (que podería constituir un *upgrade* da “edición especial gastronomía dos camiños” promovida no 2022 por Xantar).

**Imprescindible!**

- Visitar un produtor ecolóxico e conocer de primeira mano qué factores os diferencia do resto.
- Degustar os produtos ecolóxicos e conocer as súas características saudables.
- Sumergirse en esta atmosfera saudable.
- Visitar una bodega de vino ecolóxico e participar na vendimia (si la temporada lo permite) o realizar una actividad de turismo sostenible entre viñedos.
- Recorrer un mercado de produtos ecolóxicos.

Figura 43. Atributos da Ruta Enogastronómica VisitGastrOH!.  
Fonte: [www.visitgastroh.com](http://www.visitgastroh.com)

### ► 3.5.9. RIOXA (ESPAÑA)

A rexión de Rioxa conta con unha Denominación de Orixe cualificada. Está dividida en tres zonas: Rioxa Alta, Rioxa Baixa e Rioxa Alavesa nas que durante moitos anos, a produción do viño estivo en mans de familias locais e cooperativas que traballaban os viñedos. A modernización que chegou á rexión nos últimos anos deuse a través do investimento do sector privado, tamén apoiado por recursos da Unión Europea e de diversas institucións gobernamentais.

No seu Plan Parcial de Excelencia Turística define o turismo enolóxico como un dos seus eixos estratéxicos de desenvolvemento propoñendo como actuacións de reforzo da súa competitividade (con potencial interese para a súa adaptación ao desenvolvemento turístico de Ourense) as seguintes:

- *Rioxa Wine Academy*: É un proxecto educativo baseado nunha plataforma “e-learning” que conta cunha oferta de cursos dirixidos a diversos públicos, desde profesionais do sector, adegas, afeccionados e interesados no viño. Entre os programas atópanse algúns obxectivos concretos como o posicionamento do viño da Rioxa entre outras rexións, co curso “Formador oficial en viños Rioxa” logrando así especializar a quen o cursa e crear expertos nos viños da rexión.
- Ideas de novos produtos: Como parte dos esforzos para reducir o impacto do COVID19 na actividade turística, unha das variantes na operación das adegas foi a de deseñar actividades para grupos pequenos en terrazas e nos viñedos.

Tamén tivo iniciativas relacionadas co compromiso cara á localidade. En segmentos de turismo “premium”, o reposicionamento é feito a través dos prezos e adaptación das experiencias a través da dixitalización para atender ao novo panorama virtual.

### ► 3.5.10. MURCIA (ESPAÑA)

Murcia é outra rexión española entendida como un benchmark relevante para a provincia de Ourense, o “Plan de Turismo Gastronómico da Región de Murcia 1001 Sabores” cuxo principal obxectivo é establecer unha folla de ruta co fin de consolidar Murcia como un destino gastronómico competitivo. Entre outras accións relevantes para conseguir este obxectivo deben destacarse o “Os 1001 Sabores-Región de Murcia” que presenta 48 experiencias gastronómicas e un calendario de eventos gastronómicos nunha web exclusivamente dedicada à gastronomía rexional. As rutas do viño xorden como complemento das gastroexperiencias e destácanse as experiencias “imprescindibles” identificadas por tipoloxías. Esta iniciativa ten asociado un Selo de Compromiso Gastroturístico que fomenta degustación e compra/venda de produtos autóctonos e auténticos.



## DESCUBRE LO MEJOR DE LOS 1001 SABORES

Lo imprescindible para conocer una tierra en la que la gastronomía es una forma de vida.



Figura 44. 1001 Sabores – Rexión de Murcia.  
Fonte: [www.1001saboresrm.es](http://www.1001saboresrm.es)

Outra acción para ter en conta é a aplicación móbil “pasaporte gastronómico dos 1.001 sabores” cuxo obxectivo é facilitar aos restaurantes que poidan atraer novos clientes e a estes información sobre os establecementos adheridos e, ao mesmo tempo, dá a posibilidade de acceder a agasallos e descontos en experiencias gastronómicas (que resultan de x consumos previos en restaurantes e puntos de venda de produtos de gastronomía local tradicional).

Nesta rexión as gastronomía e viños é entendida como un atractivo turístico transversal ao resto dos existentes na rexión (profundando nos vínculos que pode establecer con eles), contribuíndo a mellorar a competitividade e a imaxe do sector turístico rexional ademais de representar un elemento motivacional para a elección do destino. Considérase a gastronomía como un produto que contribúe a desestacionalizar a demanda e se aposta pola investigación no marco da gastronomía moi especialmente en ámbitos como gastronomía e saúde ou gastronomía e economía circular (enogastronomía mediterránea saudable e sostible con produtos de circuíto curto).

### ► 3.5.11. SÍNTESE DO BENCHMARKING

Na táboa seguinte resúmense as principais conclusións do exercicio de benchmarking realizado no marco do presente informe, destacándose as principais boas prácticas de interese para a construción de “Ourense Provincia Enogastronómica”.

BENCHMARK	NIVEL COMPARATIVO	PRODUTO PRINCIPAL	BOAS PRÁCTICAS
Toscana, Italia	Rexional/Nacional	Enogastronomía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Passione enogastronómica dirixida a la oferta de Slow Tourism y Turismo de negocios</li> <li>• Turismo sostible polo seu valor etnográfico e cultural</li> <li>• Oleoturismo, vacacións e fins de semana para descubrir viños e sabores e rutas do viño</li> </ul>
Adelaida (Australia)	Internacional	Enogastronomía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colaboración con chefs famosos, personalidades influentes do mundo da gastronomía e do viño e cos principais medios de comunicación</li> <li>• Estratexia de marketing dixital de compartido de contidos inspiradores dirixidas directamente ao consumidor de viño</li> <li>• Traballo xunto con asociacións de viño rexionais e adegas</li> <li>• Creación de novos e innovadores produtos online</li> <li>• Utilizar as rutas existentes para facilitar a planificación das visitas e promover que permanezan máis tempo na rexión.</li> </ul>
Bogota (Colombia)	Internacional	Gastronomía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación de clúster gastronómico busca subir de nivel e diversificar a oferta do sector a través do deseño e a implementación do turismo gastronómico</li> <li>• Fortalecer os produtos dos mercados de campesiños así como a oferta de cocha tradicional</li> <li>• Converter os mercados en espazos representativos que poidan ilustrar a cultura e a identidade colombiana</li> <li>• Mantemento e renovación da infraestrutura existente, e recuperación dos valores arquitectónicos e patrimoniais dos mercados agrícolas e a súa contorna</li> </ul>
Bairrada (Portugal)	Rexional/Nacional	Enogastronomía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Atractivos turísticos innovadores nos que se evidencia o potencial da maridaxe da cultura do viño, o deseño arquitectónico</li> <li>• Estratexia de promoción baseada na cooperación na organización, por exemplo, de eventos dirixidos a axentes de viaxes.</li> </ul>
Bolivia	Internacional	Gastronomía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación de proxectos de enoturismo que proporcionan momentos únicos para familias, parellas de namorados, grupos de escala e mesmo eventos corporativos</li> <li>• Trátase de difundir, a través dunha viaxe de familiarización á poboación coñecementos sobre os sistemas de produción, cultura e valores do cultivo, así como contactar cos produtores in situ e experimentar pratos típicos a base de quinoa</li> <li>• Motivación do estudo e investigación do insumos, ademais de ensinar o patrimonio cultural de Bolivia</li> </ul>
Tokaj (Hungria)	Rexional/Nacional	Enoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mellora dos camiños rurais entre os diferentes viñedos coa función de apoiar a actividade vinícola e establecer unha rota circular (pedestre e ciclable) de uso turístico</li> <li>• Apoiar a pemes turísticas apostando por unha actividade turística centrada en este patrimonio endóxeno (viño)</li> <li>• Organización de catas virtuais para xornalistas, escritores e bloggers especializados en viño de potenciais mercados compradores, co obxectivo de xerar artigos específicos acerca da rexión de Tokaj e incrementar a presenza dos seus viños en restaurantes, por outro</li> <li>• Aplicación móbil que permite ao turista explorar diferentes rutas e percorridos na cidade.</li> </ul>
Zagreb (Croatia)	Rexional/Nacional	Gastronomía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Segue principios de gamificación permitindo gañar premios e lembranzas sendo atractiva para os perfís de turistas máis novos</li> <li>• Promoción de comida "comfort" e saudable producida con ingredientes locais frescos</li> </ul>
Proxecto Gaturi (España & Francia)	Rexional/Nacional	Enogastronomía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plataforma dirixida a axuntar os recursos enogastronómicos da provincia así como os roteiros e experiencias e os seus recursos turísticos e agro-alimentarios</li> <li>• Escaparate de venda de produtos agro-alimentarios online</li> <li>• Oferta de produtos ecolóxicos</li> <li>• O circuito da alta gastronomía recoñecida internacionalmente cos máis importantes selos de calidade do sector</li> <li>• Ruta dos sabores do camiño de Santiago que se presenta como o gran tour polos sabores gastronómicos do destino</li> </ul>

Rioxa, Bilbao (España)	Nacional	Enoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un proxecto educativo baseado nunha plataforma "e-learning" que conta cunha oferta de cursos</li> <li>• Diseñar actividades para grupos pequenos en terrazas e nos viñedos</li> <li>• En segmentos de turismo "premium", o reposicionamiento a través dos prezos e adaptación das experiencias a través da dixitalización para atender ao novo panorama virtual</li> </ul>
Murcia (España)	Nacional	Enoloxía	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Web que presenta 48 experiencias gastronómicas e un calendario de eventos gastronómicos.</li> <li>• As rutas do viño xorden como complemento das gastroexperiencias e destácanse as experiencias "imprescindibles" identificadas por tipoloxías</li> <li>• Selo de Compromiso Gastroturístico que fomenta degustación e compra/venda de produtos autóctonos e auténtico</li> <li>• Aplicación móbil cuxo obxectivo é facilitar aos restaurantes atraer novos clientes</li> <li>• Aposta pola investigación en ámbitos como gastronomía &amp; saúde ou gastronomía &amp; economía circular (enogastronomía mediterránea saudable e sostible con produtos de circuíto curto)</li> </ul>

Figura 45. Síntese benchmarking.  
Fonte: Elaboración propia.



The background is a solid green color with a complex, abstract pattern of thin, light-green lines and small dots. The lines form a network of interconnected triangles and polygons, creating a sense of depth and structure. The dots are scattered throughout, some appearing as nodes in the network. The overall effect is a modern, technical, and data-oriented aesthetic.

# AUDITORÍA DE PRODUCTOS





# 4

## AUDITORÍA DE PRODUTO

Para que unha rexión sexa considerada destino enogastronómico, debe posuír certos requisitos básicos, como a “certa abundancia e variedade de viños e gastronomía rexional, diversidade de empresas con produtos asociados á gastronomía e os viños, instalacións de produción organizadas e adaptadas ás visitas turísticas, existencia de restaurantes, puntos de degustación ou espectáculos, adecuada sinalización turística, oferta de aloxamento variada e de calidade, recursos humanos especializados” (Marine, 2014, p.19).

Neste contexto e de acordo con a análise xa realizada, pódese afirmar que a Deputación de Ourense conta cos recursos iniciais necesarios para a creación dun destino enogastronómico xa que é moi relevante o seu patrimonio vitivinícola e a produción de viños de calidade (recoñecido polas súas catro DOs).

O produto turístico é, na súa forma máis simple, un paquete de prestacións que poda satisfacer as necesidades dos consumidores e vai máis aló da idea de produto da economía, estando constituído por un conxunto de servizos que teñen un atractivo turístico subxacente. Un produto turístico é a suma das atraccións turísticas, os servizos turísticos, as infraestruturas básicas e o conxunto de servizos de apoio ao turismo (Ignarra, 2003). Nestes elementos baséase a análise do produto enogastronómico na provincia de Ourense.

Para efectos desta auditoría decidiuse identificar e analizar 4 aspectos chave (derivados das opcións metodolóxicas explicadas no capítulo 2) do produto enogastronómico da provincia de Ourense como se mostra na seguinte figura.



Figura 46. Criterios para a auditoría do produto enogastronómico.  
Fonte: Elaboración propia.

Desde esta perspectiva e a partir da información recompilada, tómanse en conta as seguintes consideracións:

- **Grao de desenvolvemento:** Para este criterio identificáronse os recursos, produtos e oferta enogastronómica do territorio, segundo as recomendacións da OMT (ver figura seguinte). A partir desta análise derívanse as potencialidades por aproveitar en ambos os sectores, vinícola e gastronómico, e inclúese, derivado da información presentada, unha perspectiva de marxe de crecemento.
- **Análise de notoriedade e posicionamento:** Neste criterio búscase identificar se existe visibilidade dos produtos enogastronómicos e recoñecemento, así como a posible marxe de crecemento para achegarse aos públicos desexados e aumentar a cota de mercado.
- **Impacto territorial:** Identifícase aquí a permeabilidade do produto nos diferentes municipios da provincia e entre os residentes identificando a súa influencia no estilo de vida.
- **Lagoas de comercialización:** Recomendacións para facer chegar o produto aos mercados identificados.



Figura 47. Elementos de análisis dos recursos, produtos e oferta gastronómica dun destino.  
Fonte: OMT,2022.

Como primeiro punto, na análise de recursos, realizouse en dúas etapas: a primeira identificando aqueles recursos que son comúns no territorio, sendo nesta ocasión o patrimonio, tendo en conta que se comparte entre o sector alimentario e o vinícola sen distinción (ver figura seguinte).

A segunda refírese ao resto dos elementos que foron analizados de forma separada, o cal non resulta tarefa fácil xa que a industria do viño está intimamente ligada á gastronomía e moitas actividades ou esforzos, non son excluíntes entre elas.

	Natural clasificado	Ríos	Rutas	Cultural	Produtos	Pratos e sobremesa
<b>PATRIMONIO</b>	Parque Natural Serra da Enciña da Lastra - Loura (Rede Natura 2000)	Avia	Ribeiro	119 recursos	Pan de Cea	Pratos:
	Canón do Sil - Parada de Sil (LIC)	Arnoi	Ribeira Sacra	identificados como "Patrimonio cultural en Ourense" segundo Turismo de Galicia. Por exemplo:	Pementos de Arnoia	cocido galego empanadas
	Pena Trevinca - A Veiga (LIC)	Miño	Monterrei	Mosteiro Cisterciense de Santa María A Real de Osera	Pementos de Oimbra	cabrito asado anguía frita
	Macizo Central Ourense - Manzaneda (LIC)	Sil	Valdeorras	Capela A Virxé Do Xurés	Pataca da Limia	polbo a feira Sobremesa:
	Parque Natural Ou Invernadeiro - Vilariño de Conso	Xares		Barrio Xudeu De Ribadavia		bica (biscoito tradicional elaborado con manteiga)
	Parque Natural Baixa Limia Serra do Xurés - Lobios (Reserva da Biosfera UNESCO)	Bibei		Aquis Querquennis (Restos Arqueolóxicos Romanos)		almendrados e canas recheas
	Reserva da Biosfera Area de Allariz - Allariz (Reserva da Biosfera UNESCO)			Castelo de Monterrei		marrón glacé
	Souto de Rozabales - Manzaneda (Monumento Natural)			San Pedro de Rocas		
	Parque Natural da Sierra dá Enciña da Lastra e o Santuario de As Ermidas.					

